

Por todo o exposto, ambas as dúas partes deciden subscribir este instrumento de formalización de encomenda de xestión, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

Primeira.-Obxecto da encomenda de xestión. A División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde e o Hospital Comarcal de Valdeorras acordan, no marco do disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que o citado hospital comarcal leve a cabo, por razóns de eficacia, a xestión material do expediente para a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva de papel Din A4 con destino a centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde, mediante concurso aberto.

Segunda.-Natureza e alcance da xestión encomendada. A xestión material que se encomenda, con respecto ao citado no punto anterior, concretarase nas seguintes actividades, co alcance que en cada caso se sinala:

a) Tramitación do expediente de contratación (artigo 11.2º f) do Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas).

b) Recepción das ofertas dos licitadores.

c) Preparación e realización das mesas de contratación.

Terceira.-Financiamento: esta encomenda de xestión non dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, as cales asumirán os custos das actuacións que deben realizar segundo o establecido na devandita encomenda.

Cuarta.-Prazo de vixencia: o prazo de vixencia deste acordo establécese desde a súa sinatura ata o peche definitivo do expediente.

Quinta.-A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade das competencias nin dos elementos substantivos do seu exercicio, atribuídas á División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

Sexta.-É responsabilidade da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde ditar os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos cales se integre a concreta actividade material obxecto desta encomenda de xestión.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2007. Ana Fernández Pulpeiro, directora xeral da División de Recursos Económicos. Roberto Rodríguez Alonso, director xerente do Hospital Comarcal de Valdeorras.

Resolución conxunta do 28 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se ordena a publicación do acordo suscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CC.OO. e UGT, sobre retribución da atención continuada do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde.

No marco da comisión de seguimento do Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde tras o proceso negociador, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CC.OO. e UGT asinaron en data 24 de xullo de 2007 un acordo sobre a retribución da atención continuada.

O dito acordo tivo lugar con base no disposto no artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e nos artigos 79 e 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde.

O contido do acordo, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 29 de novembro de 2007, publícase como anexo a esta resolución para o seu xeral coñecemento.

Na súa virtude,

RESOLVEN:

Dispoñer a publicación do Acordo sobre retribución de atención continuada do persoal residente en formación no Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2007.

Cayetano Rodríguez Escudero Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde	Antonio José Fernández Paniagua Director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional
---	---

Acordo da comisión de seguimento do acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do servizo galego de saúde sobre a retribución da atención continuada.

O Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde foi asinado o 23 de febreiro de 2007 pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT e foi aprobado por Resolución conxunta da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e a División de Asistencia Sanitaria, do 17 de abril de 2007 (DOG nº 78, do 23 de abril).

O 19 de decembro de 2006 a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF, UGT e CIG asinaron unha acta de fin de negociación do Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente

